



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.**

En Ordes, a trinta de xullo de dous mil vinte.

No Salón de Actos da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédesse a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédesse a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 25 de xuño de 2020, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Polo Sr. Alcalde sinálase que na folla nº 2º, II. Informes da Alcaldía, existe o erro seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Onde di:

.../...

financeiros. Cumprimento da regra de gasto, a diferenza entre o límite da regra de gasto

.../...

Debe dicir

.../...

financeiros. Incumprimento da regra de gasto, a diferenza entre o límite da regra de gasto

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de xuño de 2020, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### 3. APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO, EJERCICIOS 2020-2021 (ART. 23.4 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Expediente de aprobación do Plan Económico-financeiro, exercicios 2020-2021, como resultado do incumprimento da regra de gasto derivada da liquidación do exercicio 2019.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Visto o informe de intervención no que se sinala que o Plan cumpre os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Visto o disposto o art. 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e art. 116.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os orzamentos e a súa execución polos Concellos está, pois, moi constringida, tal e como veremos cuns exemplos, se ben como cuestión previa e para saber cal ven sendo unha situación normal é de destacar que máis do 45% dos Concellos da Provincia tiveron que realizar PEF nos últimos catro anos. Analizamos primeiro a estabilidade orzamentaria. O caso máis sinxelo de comprender sería cando un Concello conta cun remanente de tesourería positivo (aforro) que utiliza nun exercicio concreto. No noso caso, de teren utilizado todo o remanente do ano 2018 (2.505.982,99 €) teríamos incorrido en inestabilidade, e non obstante a situación económica do Concello viría sendo de equilibrio. Outro caso claro sería no suposto de querer facer un investimento que vai durar moitos anos e tentar financialo cun préstamo, pois se ben moita doutrina financeira fala de non cargar ás xeracións futuras con gastos actuais, o certo é que de facelo integramente con ingresos dun ano o que se estaría a facer é precisamente o contrario, isto é, cargar ás xeracións presentes cun gasto que van poder gozar as xeracións vindeiras (pénsese, por exemplo, nuns terreos ou



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

un polideportivo dun elevado custe). Neste senso coas previsións que contiña a lei de facendas locais entendemos que cumprírase sobradamente a estabilidade, sempre e cando os ingresos foran estimados dun xeito prudente e, en todo caso xa existían medidas para o caso de que o remanente fose negativo nun exercicio. Analizamos o nivel de débeda. Tamén a Lei de facendas locais impuxo un nivel máximo de débeda. A débeda, como outros financiamentos, non é boa nin mala, o que pode ser bo ou malo é o gasto que se financia con ela, de feito a maioría das empresas privadas utilizan o apalancamento financeiro como xeito de financiamento para o financiamento de activos que lles permiten obter maiores beneficios. Sendo que existe un parámetro chamado aforro neto que permite coñecer con bastante precisión a capacidade que ten o Concello de devolver os préstamos e o que sobraría para investimento o certo é que o nivel de débeda debería estar en consonancia con esa capacidade de aforro neto. Ben é certo que pode existir unha incerteza nos tipos de xuros pero neste caso tamén temos a solución de ter cotas constantes e, en calquera caso, a prudencia é a que debe guiar as actuacións. No caso dos Concellos, en xeral e a nivel de España, no caso de que os xuros se disparasen, contarían cun remanente de tesourería o suficientemente importante como para reducir a débeda a niveis mínimos (o RLT<sup>a</sup> da liquidación do 2018 que é a última dispoñible acadaría para amortizar o 76,78% da débeda viva do 2020 das entidades locais). No caso do Concello de Ordes, co RLT<sup>a</sup> podería amortizarse a totalidade da débeda bancaria e o 87,51% da débeda total (excluída a devolución da PIE). Respecto á débeda comercial depende na maioría dos casos da axilidade na tramitación, toda vez que a tónica xeral dos Concellos é de bastante liquidez. No caso do Concello de Ordes obsérvase no fondo de manobra que ten (2.352.710,31 €). Regra de gasto. Este último indicador deixámolo para o final ao seren o de máis difícil comprensión e o que na actualidade fai necesaria a aprobación dun plan económico financeiro no noso Concello. A regra de gasto recollida no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira supón que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española podendo incrementarse unicamente o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación derivados de cambios normativos e por ese importe. Nun primeiro momento podemos observar como xa o propio concepto da regra de gasto parece non cadrar moi ben co principio de plurianualidade que inspira a Lei. En primeiro lugar, a regra establece que a variación do gasto computable debe ser menor que a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo (unha media das taxas dos cinco anos anteriores, o ano en curso e os catro anos posteriores). Resulta de seu cuestionable referenciar a variación do gasto a unha, por natureza inexacta e volátil, previsión de crecemento, que provoca que a regra vaia variando coas devanditas previsións. Pola contra, resultaría máis lóxico ligar devandito gasto ás necesidades concretas da economía e a sociedade a medio e longo prazo. En concreto, sería necesario asegurar un nivel de gasto que permita un financiamento correcto dos servizos públicos fundamentais. En efecto, noutros países da nosa contorna o financiamento destes servizos faise de maneira suficiente sen que por elo prodúzase ningún tipo de desorde nas contas públicas. En segundo lugar, tal e como é aplicada, a regra de gasto supón unha agravio comparativo para as CCLL, respecto ao grao de esixencia de consolidación fiscal que sofren en comparación coa Administración Central. De feito, seguindo este último, no canto da regra, é posible incrementar o gasto público en caso dunha mellora na previsión de ingresos, a pesar de que esa mellora resulte dunha evolución positiva do ciclo económico. Deste xeito, o Estado non se atopa obrigado a levar a cabo reformas tributarias que permitan un incremento de recadación de carácter permanente para así poder aumentar o gasto. Máis aínda, a diferenza tamén do caso das CCLL, non existe unha avaliación real de cumprimento da regra de gasto por parte do Estado. Todo iso provoca que o esforzo de consolidación fiscal que se esixe aos CCLL sexa maior do que sería equitativo esixir en consonancia coa responsabilidade que estas corporacións deben ter respecto ao cumprimento dos obxectivos de consolidación fiscal. Este fenómeno, que se converteu en estrutural non só implica unha profunda inequidade entre administracións, senón que vai provocar que se siga



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

### FOLLA Nº 4

ampliando a diferenza no saldo orzamentario que manteñen as CCLL españolas en comparación coas da media da UE-28. Desta maneira, vai resultar aínda máis complicado que as CCLL españolas poidan achegarse ao grao de prestación de servizos públicos da súa competencia presente no resto de Europa. En terceiro lugar, a aplicación da regra ten diversas consecuencias negativas. A primeira a forte limitación que supón para incrementar o gasto social. Aínda que a priori a regra contribúe a suavizar as oscilacións en épocas de crises, en realidade obstaculiza a recuperación do gasto público necesario para garantir unha cobertura suficiente dos servizos públicos. Doutra banda, o apartado 1 do artigo 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificado polo artigo primeiro da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que as Entidades Locais poderán exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, «sempre que estea garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias». Como se mencionou máis arriba, o cumprimento dos devanditos principios queda asegurado, por unha banda, polo mantemento de superávits orzamentarios e remanentes de tesourería, e, polo outro, polo respecto aos límites de débeda sobre ingresos e os períodos máximo de pago a provedores nunha maioría das CCLL. Non podemos tampouco esquecer que no contexto da crise foron as comunidades autónomas e os concellos os que máis esforzos fixeron para cumprir co obxectivo de déficit. Tal e como é aplicada agora mesmo, a regra de gasto supón un agravio comparativo para as corporacións locais respecto ao grao de esixencia de consolidación fiscal que sofre en comparación a Administración central, xa que non existe unha valoración real de cumprimento da regra de gasto por parte do Estado. A reforma da regra de gasto non significa non manter a estabilidade orzamentaria. Desde logo, entendemos que a débeda ha de manterse nunha marxe sustentable para asegurar que as administracións dispoñan dos recursos adecuados. Ademais, así o están facendo e estano demostrando, principalmente, as administracións locais e as autonómicas. Na medida en que as administracións van alcanzando os seus respectivos obxectivos de estabilidade a medio prazo, a regra de gasto convértese na principal limitación orzamentaria, xa que establece que o crecemento do gasto público anual non debe superar unha taxa de crecemento potencial do PIB a medio prazo, un límite que é ademais inferior ao potencial real de crecemento a medio prazo, o cal diminúe esa capacidade de decisión das administracións. É unha regra que xera efectos constrictivos nos orzamentos das entidades locais cando estas non son o maior problema para conseguir a estabilidade orzamentaria. Cando se fai unha boa xestión, o dato de estabilidade mellora, pero a regra de gasto segue obrigando a orzar de forma restritiva. Aínda que nos últimos anos flexibilizouse lixeiramente o cómputo da regra de gasto, fundamentalmente pola posibilidade de utilización do superávit orzamentario anual para a execución de investimentos financeiramente sustentables, o certo é que tanto os superávits como os remanentes de tesourería do conxunto dos concellos de España non cesaron de incrementarse. Pasaremos a analizar como chegouse á situación de incumprimento no noso Concello. Para isto debemos remontarnos, aínda que pareza mentira, ao ano 2012. Os orzamentos do exercicio 2012 aprobáronse cun superávit de 761.006,57 €, equivalente ao remanente negativo de tesourería resultante da liquidación do exercicio 2010, toda vez que no 2011 non se adoptou ningunha das outras medidas que sinala a lei de facendas locais (non dispoñibilidade de créditos e/ou préstamo de lexislatura). Isto coincidiu co mecanismo extraordinario de pago a provedores do RD 4/2012, o que provocou que os gastos reais do exercicio tiveran que axustarse máis do que viña sendo habitual. O préstamo ICO ascendeu á contía de 2.735.386,16 €, dos cales 1.969.964,77 € dedicáronse a recoñecemento extraxudicial de débedas. Comparando os ingresos dos capítulos 1 a 7 de ingresos e gastos vemos como estes últimos superan aos primeiros nese exercicio en 1.113.071,88 €. Agora ben, de non seren polos recoñecementos de débeda citados a situación sería que os ingresos superarían aos gastos en 856.892,89 €, que sería o nivel de gasto que podería soportar a corporación nese intre sen entrar en inestabilidade. E é que foi xusto no ano 2013 cando empezouse coa regra de gasto en función da liquidación do ano anterior. Partimos que o nivel de gasto computable no 2012 podería ter chegado aos 6.349.722,34 €. Sendo que no 2019 o gasto



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

computable foi de 7.215.379,90 € cumpriría aínda sobradamente. Agora ben, o gasto computable de cada exercicio calcúlase sobre o anterior, de xeito que cada exercicio vai diminuindo (sobre todo se non se executa). De seguido a diferenza entre o gasto que cumpriría co límite na regra de gasto en cada exercicio e o gasto computable suporía para o ano 2019, límite regra de gasto 6.669.361,21, Gasto computable 7.215.379,90, liquidación diferenza -546.018,69, que obriga a facer un PEF. Por conseguinte podemos resumir que a situación económica do Concello é boa pero que ao incumprir a regra de gasto foi necesario levar a cabo un PEF que servirá como límite de gasto neste exercicio e no vindeiro, se ben pártese do gasto computable incumpridor do 2019 o que permite un maior gasto. A Lei obriga a que se cumpra no presente ano e no vindeiro, non podendo facerse o axuste a un único exercicio, e tampouco se permite incumprir en ningún deles (isto é, para o ano 2021 tomarase como referencia o gasto estimado do 2020). Como pode observarse no PEF e na liquidación do exercicio 2019 as magnitudes económicas do Concello (remanente de tesourería, resultado orzamentario, aforro neto,...) son positivas polo que o plan non contempla medida algunha de suba de impostos, nin de diminución brusca de gastos, bastando unicamente co cumprimento dos orzamentos. Isto conleva manter a estabilidade orzamentaria e contar cunha tesourería suficiente para asumir os gastos nos que vai a incorrer o concello durante este exercicio e o vindeiro. De non mudar a norma, e dado que semella que existe un superávit estrutural deberemos facernos ao costume de ter que aprobar un PEF cada certo tempo, cada tres ou catro anos.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como son previsións tendenciais de ingresos e gastos, se coincide unha cousa coa outra céntimo a céntimo. Van a absterse.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que non van por impedimento á súa aprobación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que este é un trámite que deriva da coñecida Lei Montoro, lei que aprobou o PP, que resulta lesiva para as administracións locais, como estamos a ver, que esta a afogar a capacidade de investimentos e prestación de servizos á veciñanza coa famosa regra de gasto, que restrinxe o uso dos aforros dos concellos, chegando a completos absurdos, por exemplo o Concello de Arteixo que ten un remanente de tesourería de máis de vinte millóns de euros que non pode utilizar. En Ordes temos dous millóns e non temos manobra para poder aplicalos como queiramos para darlle servizos á veciñanza ou facer investimentos. Dado que no ano 2019 houbo un incumprimento da regra de gasto nos obriga a elaborar un PEF. Dado que se trata un PEF bastante laxo unicamente recolle como medida correctora a contención do gasto, como se reflicte no informe de intervención nas súas conclusións. Aínda está por ver, unha vez que pase o trámite da súa aprobación, se o goberno central nos acepta este PEF. Para facilitar o trámite e dado que se trata dun PEF laxo van a absterse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan Económico-financeiro, exercicios 2020-2021, como resultado do incumprimento da regra de gasto derivada da liquidación do exercicio 2019.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

2.- Dar traslado do presente acordo a Consellería de Facenda a efectos do establecido no art. 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

3.- Proceder a publicar, a efectos informativos, unha copia do Plan no BOP.

#### **4. ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA DE PAULA CASTENDA BLANCO.**

Visto o escrito de data 22/07/2020, rexistro de entrada nº 2154, presentado por D<sup>a</sup>. PAULA CASTENDA BLANCO, con DNI nº 45848713F, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Visto o disposto no art. 9.4 do R. D. 2568/1986, do 28 de novembro.

Visto o disposto no art. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Visto que o día 30/07/2020, en comparecencia persoal ante o Secretario Xeral do Concello D<sup>a</sup>. REBECA CAMBEIRO GRAÑA, con DNI nº 53308907J, candidata nº 4 da Candidatura nº 2: Bloque Nacionalista Galego (BNG) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril, comunicou a súa renuncia expresa a que se lle atribúa o escano vacante atendendo á súa orde de colocación.

Visto que o día 30/07/2020, en comparecencia persoal ante o Secretario Xeral do Concello D<sup>a</sup>. MARÍA JESUS REGUEIRO GARCÍA, con DNI nº 79315091M, candidata nº 5 da Candidatura nº 2: Bloque Nacionalista Galego (BNG) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril, comunicou a súa aceptación expresa a que se lle atribúa o escano vacante atendendo á súa orde de colocación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, que sinala que ata aquí a súa andaina na política institucional. Amosar o seu agradecemento á equipa do BNG de Ordes por pousar nela a responsabilidade de representalo e por arroupala cando foi preciso, e por suposta á veciñanza de Ordes por entender que era quen de canalizar as súas inquedanzas. Non quere esquecerse tampouco da corporación municipal, moitas gracias por todo, deséxalles moita sorte e ogallá atinen en cada unha das vosas propostas polo ben de todos. Quere louvar moi especialmente a Pablo e Gonzalo, compañeiros e amigos, cos que compartiu esta etapa na que moito aprenderon. Dos que quere destacar a súa coherencia política e a súa honestidade, motivacións vitais que os levaron a percorrer un camiño que os trouxo ata aquí tendo sempre na mente o verdadeiro e único fin da política, o ansiado ben común. Gracias por todo e agradecida sempre con vos. Lembrar unha vez máis a Ramiro Recouso, agradecerlle a súa confianza nela e nos seus compañeiros para liderar este proxecto. Chus Regueiro, compañeira, moita sorte neste novo camiño, sabe que exercerá o seu cargo de concelleira coa vontade e capacidade que lle coñecen, terá sempre o seu apoio. Familia, amigos e amigas, compañeiro de vida gracias a todos por acompañala cada día. Remata cun pensamento do seu admirado Díaz Pardo "As raíces históricas son as que verdadeiramente aseguran o futuro, non podemos cantar árbores sen raíces por que se ben abaixo, por iso non nos esquezamos do que somos o cal abrangue moito, galegos e polo tanto cidadáns do mundo". Moitas gracias.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que lle desexa moita sorte, foi un pracer compartir con ela este ano e medio no salón de pleno. Darlle a benvinda a Chus. Alégrase de que o cambio se xa dunha muller por outra muller. Moitas gracias.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que os tres compañeiros que integran o grupo político queren desexarlle o mellor, sorte Paula, e foi un pracer tela como compañeira na Corporación municipal estes anos. Felicitar a Chus que vai a ser a nova integrante do BNG e tamén desexarlle sorte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén en nome do grupo de goberno e do PP de Ordes, agradecerlle en primeiro lugar o trato que sempre tivo amable con eles, despois toda a dedicación que fixo en todas as súas intervencións plenarias e a súa actividade política ao longo destes anos. Sempre se puideron falar as cousas claras, sempre defendestes o vosos posicionamento, as veces chegouse a un acordo, outras non. Queda a sinxeleza coa que sempre tratou todas as cousas. Ver a súa emoción no día da túa despedida demostra a boa persoa que é. Que vai todo moi ben na vida. Isto é un cambio, nunca se sabe se esta porta se pode volver a abrir, mentres tanto a van a seguir vendo na bancada como dixo ata o de agora. Agarda que no pleno de setembro se teña a credencial para a toma de posesión da súa substituta que é Chus, a vosa número cinco, que por suposto vai a ser benvinda nesta Corporación. Moito ánimo, aquí os ten para o que precise, pode seguir contando con eles.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que lle quere dar as gracias polo traballo que fixo ao longo destes cinco anos. Foi un auténtico pracer, un luxo, un privilexio poder compartir estes cinco anos de traballo cóbado con cóbado. Unha marabilla entenderse ben sempre, sacar estes anos adiante con momentos mellores e peores, sempre foron avanzando. Para el é de recoñecer cando unha persoa que demostra que se toma moi en serio o seu cargo de concelleira, que di que non pode estar ao cen por cen, agora chegou o momento de apartarse cara un lado. Di moito dela, do seu compromiso coa organización, coa política e máis cos ideais que representan. Foi un luxo, un pracer. Maldito virus, gustaríalle darlle unha aperta para despedirse. Moitas gracias por todo. Agarda que en setembro que Chus poida ocupar o seu lugar. Tampouco é unha despedida, vai a seguir no BNG, non na primeira liña, si exercendo nos órganos de dirección local. Moitas gracias por todo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Bloque Nacionalista Galego (BNG) de D<sup>a</sup>. PAULA CASTENDA BLANCO, con DNI nº 45848713F.

2º.- Remitir copia do presente acordo á Xunta Electoral Central para a expedición da credencial para a toma de posesión como concelleira do Concello de Ordes de D<sup>a</sup>. MARÍA JESUS REGUEIRO GARCÍA, con DNI nº 79315091M, candidata nº 5 da Candidatura nº 2: Bloque Nacionalista Galego (BNG) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril.

### **5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### 6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A formación profesional é unha alternativa cada vez máis atractiva para unha elevada porcentaxe do alumnado xa que lles permite formarse en actividades concretas que demandan as empresas e a sociedade, podendo así acceder ao mercado laboral con maiores posibilidades de éxito. Nos últimos anos os Ciclos formativos de Grado superior están tendo unha grande demanda e, de feito, para moitos alumnos e alumnas preséntanse como unha vía rápida e segura para conseguir o primeiro emprego. Esta situación dáse tanto a nivel Autonómico como estatal.

O goberno central deu a coñecer en datas recentes o presuposto total para actuacións en Formación Profesional durante o ano 2020, destinando para estas ensinanzas un total de 316,4 millóns de euros.

Deste presuposto asignaranse ás Comunidades Autónomas case 266 millóns de euros a través dun Programa de Cooperación Territorial Extraordinario . Esta cantidade será distribuída entre as diferentes autonomías.

No programa deseñado polo Ministerio de Educación e FP recóllense, entre outras, dúas iniciativas relacionadas tanto coa FP do Sistema Educativo como coa FP para o Emprego:

- Acreditación de competencias básicas e profesionais (cun presuposto que ascende a 127.872.000 euros), de interese para todos aqueles traballadores que queiran dispoñer dunha acreditación profesional.

- Fondos destinados para ampliar a oferta de prazas de FP por valor de 121 millóns de euros que se distribuirán entre as diferentes CCAA.

Este programa permitiralle á Xunta de Galicia e, por extensión, á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dispoñer de máis 16 millóns de euros adicionais para Formación Profesional.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

A titular en funcións da Consellería de Educación, Universidade e FP, Carme Pomar, deu a súa aprobación, igual que os demais representantes do resto da Autonomías, a este programa territorial extraordinario de FP proposto polo Goberno Central.

A Xunta de Galicia adiantou aos medios de comunicación que destinará máis de 13,8 millóns de euros ao incremento de prazas de FP, así como os procesos de acreditación de competencias básicas e profesionais e o fomento da formación dual.

No IES de Ordes a oferta educativa no tocante á formación profesional é a seguinte:

- Da familia profesional de Administración e Xestión están autorizados o CFPB Servizos Administrativos, e o CM de Xestión Administrativa.
- Da familia profesional de Transporte e mantemento de vehículos, CB de Mantemento de vehículos e o CM de Electromecánica de vehículos automóbiles.

Creemos que pode ser un bo momento para solicitar unha maior inversión no IES de Ordes ampliando a súa oferta formativa co CS de Automoción ou/e algún dos CS da familia profesional de Administración e Xestión. Isto suporía importantes beneficios:

- O alumnado que cursa o CM de Electromecánica no IES de Ordes podería continuar a súa formación sen ter que desprazarse a outro Concello.
- O sector automobilístico está en continua evolución, e máis coa chegada de novas tecnoloxías neste campo, polo tanto vemos conveniente que a Consellería invista en novas tecnoloxías nos talleres do IES para poder dar a maior calidade á aprendizaxe.
- Todos os veciños e veciñas que teñan experiencia laboral tanto no ámbito administrativo como no de mantemento de vehículos poidan acreditala oficialmente presentándose ás acreditacións de competencias no IES de Ordes. Isto valería tanto para as unidades de competencia correspondentes os módulos formativos de formación básica, media ou superior.
- As empresas do municipio poderían acoller alumnos/as de formación dual e colaborar na súa formación.

Por todo o dito, propoñemos á Corporación Municipal o seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que amplíe a oferta formativa no IES de Ordes cos seguintes Ciclos: Ciclo Superior en Automoción (Técnico Superior en Automoción) pertencente á familia profesional Transporte e Mantemento de Vehículos, Ciclo Superior en Asistencia á Dirección e CS de Administración e Finanzas, pertencentes á familia profesional de Administración e Xestión.
- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, ademais da oferta actual existente no centro de maneira ordinaria e presencial, se valore a posibilidade de incluír formación modular para adultos e formación dual.
- Instar a Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional a que realice unha inversión en material e novas tecnoloxías co fin de adecuar a formación ao tempo actual.
- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que o IES de Ordes sexa centro acreditador de competencias profesionais nos módulos formativos que imparte ou impartirá si se atenden as demandas que estamos a formular”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un bo momento para solicitar isto. Engadiría outro punto, non é so chegar e coller e facer os cartos para facer os investimentos para as novas titulacións, hai que contar se as infraestruturas, espazos, pavillóns, talleres serven para iso. Serían tres especialidades. Co comezo de curso non se sabe como vai a funcionar. O non xa o temos, podemos ir buscar o si.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que amosan o seu apoio á proposta formulada por UxO. O sector da automoción atópase ás portas dunha evolución polos novos tipos de mobilidade, como é a eléctrica ou mediante hidróxeno, xerará novas oportunidades cun importante peso no concello con arredor de cen postos de traballo nos diferentes talleres e empresas auxiliares o cal xustifica máis se cabe a necesaria aposta por este tipo de formación no noso concello, máis cando é dos afectados por procesos de descarbonización da economía co peche da central de Meirama e debería ser unha prioridade das administracións pública facilitar nesta comarca a formación en aspectos ligados aos procesos de transición enerxética, enerxías renovables, eficiencia enerxética ou mobilidade eléctrica. Un sector que nas próximas décadas vai a experimentar un gran crecemento e todo apunta a que será un dos tractores da economía a nivel europeo e mundial. No BNG consta que profesionais do concello están a desprazarse a outros territorios para formarse en aspectos ligados ás enerxías renovables. Creen que sería interesante procurar que a Consellería estudase a ampliación da oferta educativa en aspectos ligados á economía verde como poden ser os estudos para a obtención do título en técnico superior en enerxías renovables. Concordan tamén que as instalacións son as que son, todo non colle. É unha proposta que entenden que se debería facer e despois analizar coa Consellería as posibilidades que hai e os posibles investimentos que poderían chegar para facer realidade eses novos estudos.

Intervén a Sra. Garcia Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que a formación profesional capacita para o exercicio dunha profesión, preparan para o acceso ao emprego, facilitan a adaptación as modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida. En Galicia a formación profesional ofrece una base sólida xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, aspecto que se trata de garantir conuinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas. A estratexia que se está a levar a cabo dende a Xunta de Galicia é diversificar toda a oferta produtiva en todo o territorio evitando en grande medida as duplicidades de ofertas. Ao mesmo tempo esta a adecuarse a oferta formativa de cada comarca às necesidades da mesma. Se as persoas desta comarca teñen opción a traballar en empresas alternativas a esas necesidades dende a Consellería de Educación tratarase de fomentar a formación profesional nos novos aspectos que sexan necesarios. A aposta da Consellería de Educación na actualidade é incrementar a formación profesional dual asociada ao territorio e ás necesidades laborais baixo un criterio de responsabilidade. Trátase de rentabilizar recursos. Isto non é un non. Presentan unha emenda cun texto transaccional alternativo: Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo das necesidades reais para ampliar a oferta dos graos xa existentes en Ordes ou buscar alternativas de ampliación de oferta formativa acordadas ás necesidades laborais do concello, á matrícula existente e con especial interese na formación profesional dual.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo UxO, que sinala que a emenda non recolle varias cousas que plantexan. Fan unha petición que xa realizaron varias veces material e novas tecnoloxías.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que iso vai implícito co desenvolvemento do ciclo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que tamén piden ser centro acreditador de competencias, cree que vai haber unha acreditación de competencias masiva, para poder acreditar as competencias profesionais mediante a experiencia laboral ou a formación non regrada. En canto ao PSOE piden estes ciclos por que saben que un ciclo formativo é unha inversión moi grande, en talleres, en aulas que hai que adaptar. Aquí xa contan cun ciclo de automoción, que é unha vella demanda por parte da dirección do IES. Moitos alumnos piden continuar coa súa formación, unha vez que teñen o grao medio acceder ao superior. Se xa contamos con esas instalacións sería interesante probar polo menos un ano para ver se se pode instaurar o ciclo formativo superior de automoción. En canto aos ciclos de administrativo, non pretende que instauren aquí os tres ciclos, iso vai a ser inviable, se algún deles se pode impartir. É unha boa oportunidade para o pobo e para os nosos veciños contar con esa formación. Tamén solicitan nos módulos que haxa formación para adultos. Que se poida sacar en lugar do ciclo completo presencial ordinario, que se poidan adaptar algúns módulos. Son de pedir e despois a Consellería decidirá o que poida conceder. Están a favor do que di o Sr. Vidal Ríos, a posibilidade de introducir novos ciclos na oferta formativa que ten o IES. Xo tamén entenden que pode ser complicado, necesita unha inversión moito maior. Van a estar a favor de todo o que poida vir para Ordes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que está ben a emenda que presenta o grupo de goberno. Está ben ese estudo de viabilidade de novas titulacións, hai unha demanda reiterada da dirección para ampliar as titulacións que non suporía moito máis inversión. Unha mestura un pouco de todo, presentar ese informe para a ampliación das titulacións dos talleres de automoción, para que a Consellería vexa cal é a realidade que hai.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aportan un novo dato, ata este ano existía unha formación profesional dual de carpintería e moble que se impartía tamén no politécnico de Santiago. Para este ano xa non hai esta oferta formativa tampouco. Van a apoiar a moción tal é como está, tampouco terían inconvinte en aprobar a emenda. É algo que hai que demandar, necesario e que hai que sacar para adiante.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo de goberno, que sinala que consideran que non é unha cuestión de ofertar por ofertar títulos e formacións varias. Todos queremos que o IES de Ordes tivese todas as titulacións. Hai que ser conscientes de que vai a saír no caso de que haxa persoas que queiran formarse. As instalacións son as que son, nunca se podería facer unha oferta total, isto non é un campus. Ve ven que se faga ese estudo e se vexa cales son as alternativas á formación profesional que van a ter máis saída para que a xente poida formarse e traballar na súa contorna. A Xunta ten o IES como un moi bo centro de formación electromecánica, o Director Xeral estivo en varias ocasións, os alumnos son galardoados cada ano nun concurso en Madrid. Claro queren aumentar a oferta pero facelo tamén con sentido.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de cinco votos a favor (1 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (9 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

-Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que amplíe a oferta formativa no IES de Ordes cos seguintes Ciclos: Ciclo Superior en Automoción (Técnico Superior en Automoción) pertencente á familia profesional Transporte e Mantemento de Vehículos, Ciclo Superior en Asistencia á Dirección e CS de Administración e Finanzas, pertencentes á familia profesional de Administración e Xestión.

-Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, ademais da oferta actual existente no centro de maneira ordinaria e presencial, se valore a posibilidade de incluír formación modular para adultos e formación dual.

-Instar a Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional a que realice unha inversión en material e novas tecnoloxías co fin de adecuar a formación ao tempo actual.

-Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que o IES de Ordes sexa centro acreditador de competencias profesionais nos módulos formativos que imparte ou impartirá si se atenden as demandas que estamos a formular.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O día 12 de xuño de 2020 establecéronse por acordo do Consello da Xunta de Galicia unha serie de medidas preventivas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 unha vez superada a fase III do plan para a transición cara unha nova normalidade. Medidas que se endureceron e son máis estritas a día de hoxe, a través da publicación, o día 18 de xullo 2020 (con entrada en vigor ao día seguinte) dunha resolución de modificación das anteriores medidas entre as que se poden sinalar:

- O uso de máscaras será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal adecuada, agás excepcións, como por exemplo os menores de 6 anos.

Dende Unión por Ordes cremos necesario a ampliación do horario do servizo de policía local para garantir un servizo axeitado debido á extraordinaria situación que estamos a vivir ante a ameaza de posibles rebrotes de Covid-19 no termo municipal, como está a suceder noutras zonas da comunidade autónoma de Galicia.

Cremos que, co fin de evitar novos contaxios, e aínda que sabemos que en Ordes existe un posto da garda civil que dispón de servizo nocturno, pero que dá cobertura a múltiples concellos, é máis necesario que nunca, ante a extraordinaria gravidade das consecuencias que pode ocasionar non manter e garantir o control por parte do Concello de Ordes das devanditas normas, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

-Instamos ao Alcalde de Ordes a que amplíe o servizo de policía local, polo menos, en horario ininterrompido de venres a luns, ademais de festivos e noites véspera de festivos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), cinco votos a favor (1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que votan en contra da moción, non por ela en si, senón por tela presentada tarde en base ao acordo dos grupos políticos. Non hai outra maneira para que sexa respectado. A moción foi presentada o luns ás 17:57 e eles non a reciben ata o



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

martes. Hai un acordo para que as mocións se presenten o mesmo día en que se celebra a Xunta de Voceiros. Dálle a oportunidade de que transforme a moción nun rogo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O semáforo peonil existente na intersección da rúa Alfonso Senra coa rúa de Galicia, e que regula o cruce de peóns na propia Alfonso Senra, dispón dun sistema de activación mediante botón.

Dito sistema resultaría interesante e realmente efectivo se fose instalado nun paso de peóns illado, cuxa activación provocase a posta en vermello dun semáforo de xeito que impedise momentaneamente a circulación rodada para permitir un cruce seguro dos viandantes, estando permanentemente en verde para os vehículos namentres ninguén accionase o botón.

Mais este non é o caso de onde se atopa instalado, xa que no cruce regulase o tránsito rodado dunha rúa ou outra cada certo tempo, activando sempre cando lle toca o paso para os peóns que queiran cruzar a rúa de Galicia, mais non para os peóns que queiran cruzar a rúa Alfonso Senra, os cales deben accionar o botón.

Aínda mais se cabe, esta situación resulta menos lóxica nun contexto coma o que nos atopamos actualmente, onde os botóns do semáforo peonil, supoñen un claro punto de risco de contaxio por Covid-19, que pode ser minimizado coa supresión deste innecesario sistema.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da corporación municipal insta ao Alcalde de Ordes a que leve a cabo as actuacións precisas para a supresión do sistema de activación do paso peonil no cruce da rúa Alfonso Senra coa rúa de Galicia mediante botón, optando polo sistema tradicional empregado, por exemplo, no cruce da rúa Alfonso Senra coas rúas do Recreo e dos Lagartos.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde procédese a dar lectura informe da policía local, de 28/07/2020, sobre idoneidade de supresión da activación mediante pulsador de semáforo peonil rúa Alfonso Senra intersección con rúa Galicia, Ordes, que di: “Examinadas con detemento as circunstancias relacionadas co asunto, obxecto de interese, conclúese que tal sistema puidese ser modificado, optando polo sistema primitivo que regulaba a preferencia de paso dos peóns pola devandita vía, en convivencia e coordinados coa activación do fluxo de vehículos nun ou outro sentido da N-550, rúa Alfonso Senra. Apuntar que na actualidade, aínda que o tránsito de peóns polo punto non é excesivamente intenso, todos eles para cruzar a vía, ven na necesidade de solicitar o cambio de fase semaforica, mediante activación do pulsador do semáforo peonil, instalado para o efecto, acción pouco recomendable no actual escenario epidemiolóxico, sucedendo que nalgúns casos por descoñecemento ou malentendido, non leva a cabo dita acción por parte dos peóns, permanecendo na zona innecesariamente. Engadir por último que a activación mediante pulsador do semáforo peonil, non interfere nos ciclos de paso



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

de vehículos provenientes dunha ou outra rúa, senón que subordinado ao fluxo destes, só permite o cruzamento de peóns cando a circulación dos vehículos que discorren pola rúa Alfonso Senra atópase detida, por tanto cos correspondentes semáforos en fase vermella, e a circulación da rúa Galicia activada en fase verde. En consecuencia non se verían alterados os tempos de circulación regulados, aínda que por parte da empresa instaladora, haberá de revisarse o actual sistema, para suplilo, de consideralo necesario polo indicado”.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor da moción. Creen que se pode regular perfectamente igual que está no cruce. Cada vez que toca ese botón acórdase. Todo o que poida ser minimizar os contactos co mobiliario público. Moita xente é descoñecedora. Parécelles unha boa proposta.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con todas as medidas para evitar contaxios. Comparten o que dixo a compañeira do PSOE. Van a votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado á empresa. No seu día foi instalado así. A empresa é a policía local agora coinciden en facer un cambio no funcionamento. Vai a facerse a valoración consistente da modificación do sistema informático que regula ese punto e tratarase de facer coa maior brevidade posible. Sen poder concretar unha data a día de hoxe.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde de Ordes a que leve a cabo as actuacións precisas para a supresión do sistema de activación do paso peonil no cruce da rúa Alfonso Senra coa rúa de Galicia mediante botón, optando polo sistema tradicional empregado, por exemplo, no cruce da rúa Alfonso Senra coas rúas do Recreo e dos Lagartos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A feira da Adina foi mingando pouco a pouco durante todos estes anos, sen que o goberno municipal levase a cabo accións para a promoción e recuperación deste evento que chegou a ser a feira agrogandeira de referencia, cunha importante afluencia de persoas e o que elo significa para a economía local do Mesón do Vento.

Esta desidia que estamos a denunciar, pódese comprobar na imaxe que achegamos coa presente moción, onde xa nin se procura sinalizar a prohibición de estacionamento nas inmediacións do lugar onde montan os seus postos os/-as poucos/-as tendeiros/-as que se achegan ese sábado anterior ao primeiro e terceiro domingo de mes ata o Mesón do Vento, para expor e vender os seus produtos. Isto provocou a existencia de vehículos estacionados que impiden a visibilidade dos citados postos, cos correspondentes prexuízos que iso supón.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

A Feira da Adina podería ser unha boa canle de comercialización directa para os excedentes das hortas da veciñanza da comarca ou dos produtos con orixe en explotacións máis profesionalizadas. Isto traería moitos beneficios para o concello: unha maior diversificación da economía, a posta en valor do rural, oferta de produtos frescos e de calidade á veciñanza, e que finalmente o valor engadido quedase en Ordes.

Ademais, convén recordar que o Mesón do Vento atópase moi preto dun gran centro de consumo como é a cidade da Coruña e a súa área de influencia, con unhas boas comunicacións, o que suporía unha gran vantaxe comparativa.

Os mercados de proximidade e a venda directa dende os produtores/-as locais ao público en xeral, é habitual en moitos países europeos, en algúns casos mesmo chegando a ser a principal canle de comercialización empregada polos produtores para dar saída aos seus produtos. Mais no país temos tamén exemplos coma o Mercado de produtos Reserva da Biosfera de Allariz ou o Mercado agroecolóxico local “entre lusco e fusco” que se celebra en Belvís (Santiago de Compostela).

Desde o BNG, creemos que aínda é posible recuperar a feira da Adina, por iso é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno da corporación municipal insta ao alcalde de Ordes a prohibir o estacionamento nas inmediacións do lugar onde os/-as tendeiros/-as que se achegan á feira da Adina, montan os seus postos, procedendo á oportuna sinalización, tal e como se fai na feira de Ordes.

2- Anunciar con certa antelación a celebración da feira da Adina, dada a problemática que presentan as datas da feira, chegando a provocar a existencia de meses con tres feiras a celebrar e outros con unha soa. Ditos anuncios poderían ser efectuados a través das redes sociais, taboleiros electrónicos, difusión en radio ordes, páxina web municipal, ... etc.

3- Marcar as datas de celebración da feira da Adina nos almanaques que o concello de Ordes adoita elaborar e repartir a finais de cada ano.

4- Organización, difusión e posta en marcha dun servizo municipal de asesoramento e axuda a toda aquela veciñanza interesada en vender produtos primarios ou excedentes da horta, de cara á tramitación das correspondentes autorizacións recollidas no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galiza a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

5- Fixación dunha taxa simbólica para facilitar e animar á veciñanza a vender produtos primarios ou excedentes da horta (ovos, hortalizas, mel, froitas, legumes, patacas...) nas feiras da Adina e de Ordes, debido ao seu especial interese como dinamizador do rural, promovendo unha economía sostible con produtos de primeira calidade”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que a Feira da Adina chegou a ser un punto de referencia para este tipo de comercio. Pensan que ten que ter o mesmo trato, dentro das posibilidades que se presentan agora coa nova normalidade, que non son as que tiñamos fai un ano, que a feira de Ordes. Non pode ser que os espazos da feira estean ocupados por coches estacionados ou que non se publiciten as datas da súa celebración. Van a votar a favor desta moción por que non deixa de ser un punto de apoio para ao rural en xeral. Se se reactiva pode traer xente e comerciantes doutras comarcas e da contorna.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo UxO, que sinala que están de acordo co que expón o BNG. Hai que apoiar ao rural de algunha maneira. É certo que moitas veces non te das conta da data de celebración desa feira. Está ben promocionala. Algo que lles chamou a atención e lles parece bo é o servizo municipal de asesoramento á veciñanza interesada en vender. Todo o que sexa bo para que os veciños poidan vender os seus excedentes ou comerciar con eles e sexa unha fonte de ingresos o van a ver ben.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a votar en contra da moción polas seguintes cuestións. Non lle parece xusto que na exposición de motivos se diga que o goberno municipal nunca levou a cabo accións para a recuperación deste evento. Quere lembrar e agradecer ao compañeiro o Sr. Rodríguez Méndez que no anterior mandato era o responsable de feiras, agora corresponde ao Sr. Vázquez Candal. Durante o ano 2016-2017 programáronse feiróns todos os meses, que conlevaron gastos en instalación de carpas, actividades e propostas gastronómicas que foron financiadas dende o concello e que conlevoou traballo os días anteriores, na celebración e ao día seguinte. Que se fixo posible en diferentes encontros con representantes dos feirantes que veñen aquí e outros a nivel provincial e autonómico para que apostasen polo Mesón do Vento. Única e exclusivamente conseguiron que viñese unha vez como proba ao Mesón do Vento e decidiron non apostar. As feiras están máis que reguladas en toda a comunidade autónoma de Galicia dende fai moito tempo, tamén se remite aos almanagues das feiras a nivel autonómico que están en todas as agropecuarias e a disposición de todos os veciños. Podemos estar de acordo en que a feira da Adina e a feira do mercado dos mércores en Ordes se anuncie no calendario municipal, non sería un inconvinte. Buscar unha oportunidade para o Mesón do Vento, que perdeu fai moitos anos. Como Ordes perdeu a oportunidade de celebrar unha feira os domingos e se decidiu o seu traslado aos mércores, houbo xente que demandou a posibilidade de retornala aos domingos, totalmente imposible por que a día de hoxe está afianzada a de Padrón na que están todos os postos da comunidade autónoma de Galicia, máis de cincocentos. Temos unha feira de douscentos cincuenta postos todos os mércores, non todos cubertos a día de hoxe. No Mesón do Vento propúxoselles a toda esa xente probar a custe cero, aplicándose unha taxa no momento en que empezase a funcionar, non a mesma que para a feira de Ordes. Eles mesmos dixeron que non funcionaba, que non seguísemos insistindo por esa vía, os representantes non podían esixirlle aos vendedores vir ao Mesón do Vento cando teñen outras feiras ás que acudir, cuns compromisos preestablecidos e que esas rutas non son fáciles de mudar. A feira da Adina tivo moita forza pola súa capacidade gandeira, non pola venda de mercado. Xa dende Ordes se lle leva facilitando á veciñanza interesada en vender produtos primarios para que regularicen a situación, xa hai un funcionario municipal que axuda cos trámites. É certo o que sucedeu o día dezaioito, foi coñecedor, encargou un informe á policía local das deficiencias que había na sinalización, xa se está procedendo coa elaboración das sinais e coa pintura necesaria para a sinalización horizontal para subsanar o que aconteceu unha vez en moitos anos. Hai que evitar que volva a acontecer. Os feirantes a día de hoxe son so dous. Tamén se fixo unha aposta pola cestería, pola artesanía local. Se o mercado non funciona, se veñen a ver gando, non aposta por ese mercado de proximidade. Non quere iso dicir que non se siga intentando, que se teña contacto coa hostalería do Mesón do Vento. Terán en conta o punto terceiro, os puntos primeiro e segundo farán os anuncios e a actuación da policía local. Toda a outra parte xa funciona.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ou entendeu mal, estamos de acordo pero votan en contra. Dálles igual que non saia adiante, pero o que piden é lóxico e razoable. Se lle dia que hai un funcionario que axuda, asesora á xente para a obtención das autorizacións pertinentes para poder vender eses produtos primarios, ben. Hai moita xente que non sabe que o concello ten ese servizo, non se publicitou, nin se sabe que realmente se pode facer un simple trámite e despois poden venderse eses excedentes. O que pretenden con esta proposta é reorientar a feira da Adina, evidentemente o gando está como está, se seguimos insistindo no mesmo está claro que vai a ir esmorecendo. A mellor complementándoa con outro tipo de ofertas tamén relacionadas co sector agrogandeiro, podería ser un punto de inflexión para que acudise xente ao Mesón do Vento e deixase cartos alí. Tamén se estaría impulsando outro tipo de economía. A xente non está enterada deste servizo, sería bo publicitala. Marcar as datas nos almanaques non é un gran esforzo, telo en conta no momento de deseño dos almanaques. Temos varios mecanismos para a publicación da feira da Adina, redes sociais, taboleiros electrónicos, radio ordes, páxina web municipal. Seguen insistindo, aínda que voten en contra téñano en conta, reflexionen e intenten sacalo adiante por que entenden que é bo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que hai que recoñecer que as veces o traballo que se fai non ten os froitos que se esperan. Darlle outra oportunidade, si maior publicidade, ás veces a xente non é coñecedora de todas as posibilidades que ofrece o concello. Están a favor da moción do BNG.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que están a favor. Parécelle unha boa idea o servizo de asesoramento municipal, tamén o descoñecía. A veces hai que seguir intentando que as cousas vaian arriba, tirar a toalla é o camiño máis fácil. Para o Mesón pode ser algo importante se esta feira se reinventa e pode ir a máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non so se informa dende o concello, tamén dende o OAC, tamén poden darse de alta no SEVEDI, que é a Sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa. Informouse a moita xente, especialmente ás persoas que traballas os produtos dos grelos para que se achegasen alí, pero cando se lles fala do que teñen que cumprir, dos libros que teñen que levar e de cómo teñen que fiscalizar, tíranse para atrás. Gústalles traballar con outro sistema de economía, non é tan sinxelo que se animen, a maioría das explotacións non teñen un CEA actualizado ou o REGA ao día. Na maioría dos casos é xente maior, non é xene especializada e non o fai e non está disposta a cumprir todos os trámites que esixe a normativa. Publicouse unha nota de prensa, contactouse con todas esas persoas que teñen excedentes de produción nas súas hortas e invernadoiros, e non apostaron por facelo directamente dende os mercados locais. Esa labor fíxose. Non lle gusta que se diga que non se fixo nada dende grupo de goberno por que non é certo. Esta de acordo no fondo, pero non coa exposición de motivos, vai a defender a labor do seu compañeiro e do grupo de goberno. A xente que se dea de alta ten a súa disposición no Mesón do Vento para que poida iniciar a venda cunha taxa inicial cero, que probe, que se anime a vir alí. Foi o que se trasladou entonces.

Sendo as 20:39 horas, incorporase ao Pleno o Sr. Ribadas Gómez, concelleiro do grupo político UxO.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), seis votos a favor (1 grupo político BNG, 3



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños.

Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF )-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Ordes, a adoptar os seguintes acordos:

Manifestar:

1. O compromiso do Concello de Ordes, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 3 grupo político



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entende que estas cuestións que se están plantexando non correspondería debatelas aquí. Entende que deberían ser a través dos órganos da FEMP, dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados e dos galegos na Xunta de Galicia. Non entende como se van a debater, van a votar en contra.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que entenden que os remanentes que se xeren en cada concello debe gastalos esa administración local. Tamén comparten un pouco o que di o PSOE.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no pleno ordinario de maio faláron de algo semellante xa. Houbo unha proposta de alcaldía que máis ou menos veu a dicir o mesmo. Non sabe cal é a necesidade urxente de ter que volver a redundar sobre o mesmo. Van a debater. Na moción que presenta o PP o que se pide é a flexibilización da regra de gasto e outras medidas da Lei Montoro, que non esquezamos que foi aprobada polo PP. Ao mesmo tempo piden respecto pola autonomía local, pero por outra banda piden o compromiso do concello con esta mesma lei. Dende o BNG o que pedimos é a súa completa derogación e a autonomía dos concellos para investir os seus aforros no que precisen, na prestación de servizos á veciñanza. Despois falan da FEMP como entidade lexítima representativa dos concellos galegos, o que piden é que a interlocutora sexa a FEGAMP. Os concellos galegos teñen unhas características e unhas necesidades específicas que non adoitan ser tidos en conta nos foros da FEMP. Proba disto é que nestes momentos os concellos galegos están infrafinanciados polo Estado. Podemos ver o acordo que hai enriba da mesa para asinar co Estado. Por estas razóns presentan unha emenda á moción que presenta o PP que propón os seguintes acordos: 1. Instar á Xunta de Galicia a solicitar do goberno español a derogación da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender ás competencias propias con cargo a remanentes ou superávits, así como ampliar a capacidade de endebedamento das administracións locais para afrontar ditos gastos. 2. A interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que claro que este é o sitio, son os nosos cartos, de todos os veciños de Ordes. Si que lle afecta ao concello de Ordes. O grupo político PP ten que denunciar o atraco, espolio, expropiación, como lle queira chamar, con chantaxes e ameazas do seu goberno, do goberno que preside o seu Presidente Sr. Viqueira. Nos temos que doar os cartos para que el dispoña como lle da a gana, despois, se llos damos voluntariamente ao mellor podemos participar nos fondos que veñan de Europa. Estannos furtando. Si que lle importan aos veciños de Ordes os cartos dos seus impostos. Pode compartir totalmente a exposición de motivos a emenda do BNG. Non dixemos que a FEMP sexa o lexítimo representante dos concellos galegos. Falou de que a FEMP é a representante dos concellos de España. Estamos a falar dunha medida que vai a afectar a todos os concellos de España, Ordes un deles. O concello máis interesado na derogación da lei é o concello de Ordes, pero temos que actuar con sentido. Non podemos derrogar a lei nestes momentos nos que estamos inmersos nesta situación con prexuízo para os concellos que cumprimos coa legalidade e que se benefician os concellos que nunca cumpriron coa regra de gasto. Acabamos de aprobar un PEF por que a incumprimos agora, pero levamos moito



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

tempo cumpríndoa. Temos aforrados dous millóns e medio de euros que son dos nosos veciños. O concello debe reinvestir eses cartos nos seus veciños e non noutros concellos que non cumpriron. Parécelle inconcibible que se lle advirta aos concellos que ou entregan voluntariamente os fondos dispoñibles froito do superávit ou non haberá fondos europeos. Un señor que vai a Europa a pedir recursos económicos sen condicións e que lle nega aos concellos o que el esixiu á UE, sen un ápice de vontade de acordo, non quere acordo. Impón un o tomas ou o deixas, non é un digno Presidente. Quere incautar quince mil millóns de euros, cando a maioría dos concellos están gobernados polo PP, sabendo que así a asfixia financeira das entidades locais está garantida. Os aforros dos concellos non son a solución á nefasta xestión da crise sanitaria, social e económica derivada do Covid-19 que fixo o Sr. Sánchez. Este señor e o seu goberno non coñece a realidade do noso concello, non pisa as rúas, non fala coa nosa xente e non coñece as necesidades dos nosos veciños. Non van a permitir que lles fure a súa soberanía e a súa capacidade de decisión. Convidan a todos os membros desta corporación cun pouco de responsabilidade a que voten a favor desta moción apelando única e exclusivamente aos intereses dos nosos veciños.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que levan falando de política moito tempo, se uns son bos e outros malos. As leis están para ser cumpridas, se non se cumpren hai que coller os servizos xurídicos e recorrer como hai que recorrer e non traer aquí un debate político. Non podemos poñernos a berrar na rúa, actúen xuridicamente e reclamen o que lle pertence ao concello. Claro que queremos que se lle dea ao concello o que lle pertence, que se queden cos cartos dos cidadáns. Actúen como teñen que actuar e déixense de tanta lería política.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que na primeira quenda xa dixeron que estaban de acordo co aquí exposto. Entenden que o remanente o deben gastar os concellos. Sempre van a pedir para Ordes con independencia de se é unha proposta do PP, BNG ou PSOE. Tamén ven ben a petición na emenda do BNG de supresión da Lei Montoro que foi promovida polo PP.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aquí o que veñen a facer é un debate político, senón deixa de ter sentido o debate no pleno de Ordes. Cada un defende a súa postura, coa lexitimidade que lle parece. O PP denuncia o atraco, espolio, furto, pero foi o que aprobou esta lei que nos ten nesta situación. Piden a súa derogación por que non ten sentido que nos afogue economicamente, que non nos deixe gastar os aforros dos veciños, que os temos quietiños nunha entidade de crédito, cando podíamos prestar servizos, facer investimentos no que consideremos oportuno para mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza, pero existe esa lei que aprobou o PP e que nos ten condenados. Non lle pode dicir que Ordes cumpre coa lei cando precisamente neste pleno vense de aprobar un PEF por que o concello de Ordes non cumpriu a regra de gasto que establece a Lei Montoro, aprobada polo PP. A lei tal e como esta redactada é moi complicada. Dende o BNG demandan a súa completa derogación, haberá despois que regular de algunha maneira. Non ten sentido estar nesta situación. Ordes é un concello galego integrado no estado español, pero entenden que o interlocutor é a FEGAMP, que é a que vai a defender as características, as necesidades que teñen os concellos galegos, consideracións que non se adoitan ter por parte da FEMP. Recordan que o PP ten representación no Congreso, terán medios, mecanismos para chegar a un acordo co goberno do estado e non vir aquí con estas mocións nun pleno do concello de Ordes, sobre as que podemos debater, nunca nos negamos. O foro é o adecuado é o Congreso dos Deputados no que como principal partido da oposición terán algo que facer para chegar a un consenso sobre este asunto. Falan da nefasta xestión do PSOE, vostedes



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

aplicaron recortes na sanidade, con políticas austericidas que nos levaron a esta situación e das que tamén son responsables. Sexamos sensatos. Insisten en que acepten a emenda, co que votarán a favor, en caso contrario votarán en contra. Seguen a defender a completa derogación da Lei Montoro e que a entidade mediadora co Estado sexa a FEGAMP.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que pregunta que lei permite expropiar os aforros do concello de Ordes ou de calquera concello, son legalistas tamén, a Lei Montoro non di iso. O PP en ningún momento aprobou unha norma que diga que se pode espoliar. O PP permitía gastar unha parte en proporción ao endebedamento municipal. Apliquemos as leis, pero todos. O Concello incumpriu a regra de gasto, e outros cincuenta e sete concellos da provincia de A Coruña, concellos tamén gobernados polo BNG. Sería irresponsable a non aprobación dun PEF. Temos representantes no Congreso, o Concello de Ordes ten que defender a autonomía municipal. Todos os representantes dos concellos temos que abandeirar esta loita. Do seu éxito vai a depender como vaiamos a actuar nos vindeiros anos. Os señores que nos goberna pretenden endebedarnos polos próximos dez anos, pretenden quitarnos os aforros, levarnos a un desaxuste que conducirá a pique ás entidades locais e xa nolos devolverán no que eles digan. Isto non é serio. Por suposto que é un espolio, por que non hai ningunha base xurídica que o fundamente. Para quen van os cartos de Europa, onde os reparten, Cataluña, País Vasco, Hispanoamérica, Asia. O goberno municipal non vai a permitir que ninguén lle toque os cartos dos veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que resulta curioso que no Consello Federa da FEGAMP do que forma parte, que se celebrou o 21/07/20, ver como se expresan os alcaldes do PSOE e BNG, Carballo, Moaña, para presionar á FEMP para que se retirase da Mesa de Negociación. O Alcalde de Vigo estaba a negociar cousas en Madrid totalmente contrarias ás que se estaban acordando na FEGAMP. A máxima preocupación de todos os alcaldes era a incautación deses cartos. E agora van a votar aquí en contra, vostedes verán, están no seu dereito. A derogación é unha cousa distinta. Estamos nun momento moi importante por que imos a quedarnos sen os cartos se deciden tirar para adiante co acordo coa FEMP. Resulta curioso despois do pronunciamento da FEGAMP que non sexamos capaces de pronunciarnos nos nosos municipios na mesma liña. Non deixemos que se queden cos nosos cartos, que son de todos os veciños de Ordes, dos seus impostos. Poden condicionar a estabilidade orzamentaria deste exercicio e no que pensan é na derogación dunha lei que no vai a ser a solución para unha incautación dun diñeiro. Non é a solución. Fai unha exposición clara e concisa cuns acordos contrarios a esta. Voten en conciencia. Esta moción esta formulada polo PP en defensa do diñeiro dos veciños de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UxO), tres votos en contra (1 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Manifestar:

1. O compromiso do Concello de Ordes, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

### 7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Debido á localización e situación das instalacións destinadas polo Concello para realizar os trámites que teñen que ver coa tramitación e renovación do DNI, tendo en conta que ditas instalacións non contan nin con sala de espera, faise no corredor da entrada tanto as salas ocupadas pola Policía Nacional como a sala destinada a cursos de formación, sen espazo para sentarse, hai dous asentos no corredor que dificultan tanto a saída como a entrada no ascensor, como a mobilidade no propio corredor, así como considerar que non son instalacións que cumpran cun adecuado acceso ás mesmas para xente discapacitada ou con problemas de mobilidade

Por todo elo, rogamos ao Sr. Alcalde:

Que adecúe unhas novas instalacións para ditos trámites que contén con accesibilidade adecuada a todas as necesidades, con sala de espera e con asentos suficientes co fin de facilitar este servizo a todos os veciños de Ordes que o precisen

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dun servizo que se leva dando moitos anos. Ven a Ordes a policía nacional para a expedición do DNI, na pranta primeira da Casa da Cultura, cumpre accesibilidade, dispoñen de espazos informáticos. A renovación faise con cita previa. Nunca se lles trasladou ningunha queixa neste sentido. Falaremos cos membros da policía nacional cando volvan a vir e se é necesario tomarase en consideración todo o que propón. Trataremos de colocalos na pranta baixa ou outra ubicación que sexa máis accesible para a veciñanza. Sempre coordinados cos axentes para que dispoñan un lugar adecuado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Varios veciños e veciñas, puxéronse en contacto con este grupo municipal amosando o seu malestar perante a decisión do goberno municipal de non permitir o uso dos pavillóns polideportivos para a práctica do deporte. Somos conscientes do momento no que nos atopamos, por iso é preciso elaborar un protocolo para o uso do pavillón polideportivo por parte da veciñanza, e que permita facelo nas condicións o mais seguras posibles; pois se aplicáramos o mesmo razoamento para o resto de instalacións, non debería terse aberto a piscina, os parques, ...etc.  
Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

A elaborar un protocolo para o uso dos pavillóns polideportivos por parte da veciñanza, permitindo o seu uso nas condicións mais seguras posibles.

A dispoñer dos sistemas de protección colectiva: dispensadores de xel hidroalcohólico, control e rexistro de persoas que asistan, desinfección previa e posterior ao uso, ...etc, que sexan establecidos polo citado protocolo nos pavillóns polideportivos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que xa existe un protocolo que lle foi entregado a cada clube deportivo en canto ás medidas de uso, desinfección do material e das instalacións en base á resolución de 12/06/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade. Pasa a ler o informe do técnico municipal de deportes "Segundo a Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, nas instalacións deportivas poderase realizar actividade en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico. As solicitudes achegadas por grupos particulares de veciños/as para o uso de pavillóns polideportivos, están vencelladas coa realización de partidos de fútbol sala. Este tipo de actividade non é posible levala a cabo sen que exista contacto físico, distancia de 1,5 metros entre usuarios, nin tampouco que o material utilizado non sexa compartido. Actualmente estase a permitir o uso de instalacións deportivas aos clubs e deportistas federados, que son informados das medidas a levar a cabo pola súa parte durante a práctica deportiva en relación ao Covid-19, sendo os propios clubs responsables do seu cumprimento. Este uso consiste en adestramentos ou actividades, que terán que ser adaptados ao cumprimento, entre outros, do mantemento de 1,5 metros entre participantes e non compartir material, non realizando polo momento, partidos ou competicións que produzan contacto físico. Entre cada uso existe unha franxa de tempo para limpeza e desinfección".

- Sobre a Emisora Municipal.

Instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A ordenar a publicación no B.O.P. da última modificación do regulamento de organización e funcionamento da Emisora Municipal de Ordes, aprobado polo pleno.

A convocar o Consello da Emisora Municipal

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a primeira parte correspóndelle ao Sr. Secretario. A segunda estamos aínda en prazo, estamos en período Covid, valoraremos en agosto a data. Levarase a cabo na anualidade sen problema.

- Este grupo municipal non recibiu ningún convite para acudir a actos institucionais desde fai xa varios meses. Por exemplo, a semana pasada, o goberno municipal fixo unha recepción institucional a tres alumnos de Ordes cuxas notas na ABAU están entre as 20 mellores de toda Galiza, mais no BNG non recibimos ningún tipo de convite nin información do acto.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que nos informen sobre cales son os criterios que adopta o goberno municipal para a escolla dos actos institucionais aos cales pode ser convidado o BNG e o resto da corporación, e a cales non.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

A mudar os criterios expostos e informar e convidar a toda a corporación municipal a acudir aos actos institucionais, como resultado da pluralidade e vontade representativa de toda a veciñanza.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que non se recibiron invitacións por que non se celebraron actos institucionais. O acto do outro día por unha cuestión de aforo por tema Covid déuselle a opción aos rapaces de que viñesen as súas familias e mestres que eles decidiron, convidáronse os cinco directores dos centros educativos. Non había outra alternativa polo aforo. Era un acto para eles, participou o IES. Fíxose no concello e púidose ter feito no instituto. Prestouse o concello polo feito da relevancia dos resultados académico para que tiveran un recoñecemento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aquí semella que houbo Covid ao longo de todos estes anos. Nunca nos invitaron. O ano pasado non había Covid, fai dous, tres, catro anos tampouco había Covid. Nos elevamos a queixa por que entendemos que poderíamos ter sido invitados, outra cousa é que poidamos acudir ou non independentemente da situación laboral ou persoal de cada persoa, da súa dispoñibilidade. Gustaríalles que os tiveran invitado e valorar asistir. É unha cuestión que queren teñan en conta se teñen a ben. Por que asistise un representante de cada grupo político da corporación non pasaba nada, gardábanse as distancias perfectamente, levaríanse os equipos de protección individual requiridos.

- No pleno ordinario do mes de xuño, solicitámoslle ao goberno municipal a que executase o acceso a unha pista pública aproveitando as obras de pavimentación no lugar da Pedreira, da parroquia de Vilamaior.

Agradecemos que tivesen en conta a nosa petición, mais preocúpanos que o acceso fose incorrectamente executado, xa que dispúxose unha tubaxe de 250 mm de diámetro na vez dos 400 mm de diámetro esixidos a calquera veciño.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que nos informe dos motivos que levaron ao citado incumprimento.

A corrixir a citada deficiencia, pois dificilmente será esixible que a veciñanza dispoña tubaxes de 400 mm de diámetro nas obras que promove, cando o propio concello non cumpre coa esixencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten nada que ver o acondicionamento do acceso co que é o posicionamento da tubaxe como plantexa aquí. Iso daba a un camiño da rede de concentración parcelaria no que anteriormente non existía tubaxe por que no era necesaria polo punto no que se atopaba e por que as augas drenaban cara ambos laterais por que así estaba no cálculo do vial. Agora acondicionouse o acceso que se formigonou e foi unha decisión técnica, o salvacunetas depende do cálculo do caudal máximo de auga que leve conforme aos cálculos hidrolóxicos do vial e a orografía nese punto en canto a súa ubicación. Se o técnico considera suficiente un tubo de 200-250 mm 315-400 mm nun vial público, para nada ten que ver coa ordenanza urbanística cando unha persoa ten que facer unha entrada que ten que por un tubo de 400 mm. Se hai unha dirección técnica e esta considera suficiente unha determinada sección nun punto no que se podería funcionar perfectamente sen meter tubaxe, é máis que suficiente o tubo que existe. Meter un tubo de maiores dimensións suporía ter que actuar sobre a caixa anteriormente feita nese lugar, que xa estaba preparada.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que fan referencia ás Normas subsidiarias de planeamento municipal que se aplican en todo o concello de Ordes, que regulan que cando un veciño quere facer o acceso ás súas fincas ten que dispor dunha tubaxe de 400 mm de diámetro. Honestamente lle di que non ten sentido que se lle pida á veciñanza instale este tubo e non hai opción a que un técnico diga que é suficiente cun tubo de 250 mm e que despois o concello faga a súa maneira. Por moito que o diga un técnico, se hai esa esixencia para todos. Non o entenden, ven bastante fácil meter un tubo de 400 mm, levantar un pouco máis, facer un pouco de pendente e non ten maior problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se teñen feito informes en proxectos municipais ou en peticións de actuacións de particulares para a evacuación de pluviais e colocáronse tubos de 200-250-315 mm. É certo o que esixen as Normas subsidiarias para os salvacunetas. Se os cálculos hídricos non esixen un tubo de 400 mm é absurdo. Noutros lugares meteron tubos de 500-600 mm en obras municipais por que os cálculos hidráulicos o esixen, ou en Zampaño que houbo que meter un tubo de 900 mm. Hai que fiarse do criterio dos técnicos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que para aclarar sinala que as Normas subsidiarias establecen un tubo mínimo de 400 mm, despois poden instalarse tubos dun diámetro maior segundo os cálculos hídricos.

- Na parroquia Buscás vertedoiro, aproximadamente no punto sinalado na captura inferior, atópase un vertedoiro incontrolado con resto de persianas, tal e como pode comprobarse na fotografía anexa.

Por todo isto instamos ao Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á recollida e posterior tratamento dos refugallos indicados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se lle dará traslado á brigada municipal de obras.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- En relación coas actuacións en alumeados públicos previstas nos presupostos municipais a efectuar no presente ano 2020.

Preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Pódenos detallar en que rúas ou lugares en concreto se vai actuar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estanse licitando as obras na Plataforma de Contratos do Sector Público á que se pode acceder dende a páxina web municipal. No pleno de 26/07/2019 deuse esta información para a Fase II e na Comisión Informativa do 22/11/2019 para a Fase III. Fase II 413 luminarias vanse cambiar, practicamente todo o casco urbano,



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

excepción dos cambios xa feitos e parte do polígono. A Fase III vanse substituír 401 puntos, unha parte importante no rural (Adina Vella, A Brea, Castrelos e Igrexa en Leira, Pereiriñas e Igrexa, Agromaior, Xermiñas, o Couto en Lesta, Fraga da Galiña, Darefe, Vidueiro, Casal, Reboredo, Estación en Parada), no casco urbano as rúas Reverencia, Recreo, camiño de Lesta, 3ª fase parque empresarial, todo o vial Balado, prolongación rúa Lagartos.

- Con respecto á extensión de fibra óptica polo rural do noso concello:

¿Qué núcleos e en que parroquias dispoñen do servizo?.

¿Cales son os motivos de que nalgúns núcleos, como por exemplo pode ser o do Conde - Queirúa, a pesares de estar tendida a rede desde fai un ano, aínda a día de hoxe non poden conectarse á mesma?.

¿Téñense previstas futuras extensións de rede?

¿Cando e a que zonas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non pode responder a todo o que plantexa. Van pedirle información a Amtega e ás empresas e farémolle chegar a todos os grupos políticos a información. Hai previstas actuacións que van a cubrir o 85% do rural no 2021, quedando un 15% da poboación para os anos sucesivos. Non se puido conseguir esta información para esta sesión plenaria.

- Coa apertura do parque do Campo da Feira, varias persoas sufriron danos en prendas de vestir derivados de empregar na zona desinfectantes con lixivia.

¿Qué se fixo para evitar novos casos?.

¿Vaise indemnizar ás persoas afectadas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi un erro que se cometeu á hora do recheo dos dosificadores que se resolveu ás poucas horas. Foi entre as 11:00 e as 16:00 horas. Equivocáronse coa garrafa, en dous dispensadores dos sete que se colocaron, enchéronse cun produto que non era xel hidroalcohólico. Non se deron conta polo etiquetado, era para limpeza de solos. Os veciños chamaron rapidamente. A día de hoxe so hai unha solicitude de indemnización, xa se aportaron as facturas dos gastos correspondentes. Non sucedeu nada máis grave por este pequeno erro.

- A veciñanza do Mesón do Vento segue tendo problemas co servizo municipal de abastecemento de auga, chegando a efectuar análises particulares onde a auga non resultada apta para o consumo humano por unha excesiva turbidez:

¿Qué solución ofrece o goberno municipal á veciñanza afectada?

¿Van dispoñer algún tipo de filtro na saída do depósito?



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

¿Cal é o motivo de tirar auga desde o depósito? (deixándoa correr, logo de ser bombeada ata o mesmo).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é complexo de explicar. Mantívose unha reunión coa veciñanza no remate do mes de xuño coa presenza do responsable da concesión de Espina y Delfin no municipio. É unha cousa de fai moitos anos. Fixéronse diversas actuacións, especialmente no último ano. A estación de tratamento de auga potable está no encoro de Vilasenin, como todos os encoros as augas estancadas teñen unha elevada cantidade de ferro. Desde aí bombéase por impulsión ata o depósito de Mesón do Vento e a partir de aí entra na rede. O principal problema é que hai moito pouco consumo. Dende que se trata a auga no embalse, a tubaxe de impulsión, o almacenamento no depósito e a rede ata que chega aos domicilios supera máis de catro veces o consumo diario. A auga que chega a unha billa estivo durante máis de catro días ou na impulsión, no depósito ou na rede. Vanse producindo unha serie de reaccións químicas que provocan que a auga saia con esa turbidez, no de terra, senón da oxidación que provoca a auga. Unha das actuacións que se fixo foron purgas en determinados puntos ou baleirados do propio depósito en determinados momentos. Nas últimas semanas baixou o embalse e esa auga leva maior concentración de óxido. Con esas purgas non se está conseguindo unha auga cristalina que chegue ás vivendas. O que lle traslada Espina y Delfin e a colocación dunhas boia para coller auga en superficie na captación e darlle uns tratamentos con resina na potabilizadora nos primeiros depósitos de entrada antes de pasar polos filtros e de facer o tratamento potabilizador para intentar eliminar a práctica totalidade do ferro. Podían intentar chegar ao 98%, o acaban de facer nunha das concesións en Ourense. Esperan que funcione aquí. Nas vindeiras semanas levarán a cabo esa actuación. Outras das actuacións vai a ser que o gasto do campo de fútbol que se facía desde un pozo, levouse a traída para alí no 2018 a van a por en servizo e intentar dende o concello ao consumo de auga continuo todos os días do ano. En setembro comeza o curso escolar, o colexio fai un consumo importante de auga e favorece esa circulación para que non haxa tanto tempo no depósito, impulsión ou rede de distribución. Están comprometidos cos veciños para buscar unha solución. Se esta non é a solución, reuniranse de novo coa concesionaria para facer as presións que faga falta. Se é necesario facer algunha obra na instalación haberá que facela.

- Dende o concello anunciábase o pasado 11 de xuño de 2019 o inicio do proceso de homologación do roteiro San Paio de Buscás-Poulo pola Federación Galega de Montañismo, e estimábase que o proceso estaría rematado no mes de outubro de 2019.

A día de hoxe, e á vista da información sobre o roteiro existente na web do concello, o roteiro carece de dita homologación.

Certo é que a sinalización existente en moitos puntos do roteiro non parece moi acaída, xa que non é fácilmente lexible tal e como pode comprobarse nas fotografías adxuntas. Tampouco semella cumprir o establecido no Manual de Sinalización de Sendeiros GRO, PRO y SLO da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, por exemplo no tocante ao código de cores ou a indicación de distancias.

Por todo elo, preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Por que non completou aínda o proceso de homologación do roteiro San Paio Buscás-Poulo?.

¿Canto está previsto finalizar a homologación do devandito roteiro?.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pediuse un informe á empresa que fixo a actuación subvencionada pola Consellería de Turismo, non leron a totalidade dos comunicados municipais que fan referencia ao roteiro. En Galicia remitímonos á Federación galega non á española cuxas normas son parecidas, non idénticas. No manual de sendeiros figuran cores, medidas e tipos de marcas que deben ser cumpridos con maior rigorosidade no recorrido a excepción do número de sendeiro o cal se obtén cando é homologado. Na normativa de homologación na páxina 11 figura o motivo polo que non puido ser homologado, existencia de sendeiros forestais e pistas de concentración parcelaria nunha porcentaxe superior ao 30 % que discorre por este tipo de vías. O proxecto executado era anterior á última data de modificación da normativa da Federación Galega de Montañismo e consecuentemente os criterios empregados para o trazado eran homologables cando se formulo o proxecto. O cambio normativo o que provocou é que cando se enviou o estudo de sendeiro á Federación, ao estar limitado o porcentaxe de trazado por rede de pistas de concentración parcelaria ou asfaltadas, ao excedernos dese porcentaxe non puido ser homologado. A pesar da modificación de varios tramos coa inclusión de sendeiros alternativos ás pistas non foi posible rebaixar o porcentaxe que nos pedían, xa que especialmente Buscás está na súa totalidade concentrado e hai partes de Poulo que teñen antigos camiños que están asfaltados e computan no aspecto negativo. Polo tanto non se puido homologar definitivamente. O PR non ten o código que ten o roteiro de Mercurín, que si obtivo a homologación, por que non se concretou a numeración xa que non había esperanza de que nos entregasen ata o final e se faga un cambio de normativa. Estase á espera de que se cambien as normas de homologación e se suavice a esixencia dun máximo de camiños forestais. Tal é como recoñeceu a Federación esta esixencia normativa estase volvendo un escollo para moitos concellos para ter sendeiros homologados. Cada dous anos revísanse estas normas, estase pendente de que se revisen neste ano. A técnico pide un pouco de paciencia. Van a flexibilizarse estes porcentaxes de redes de concentración parcelaria, os límites de camiños asfaltados van a seguirse mantendo. As frechas si que hai que adaptalas, perderon o seu colorido inicial, entende que polo sol, non se ven como cando estaban pirograbadas. Vai a buscar un oco no taller e pintalas no verán. Con respecto ás notas de prensa do 11 de xuño, pero cando se sacou a nota de prensa da posta en valor da ruta de sendeirismo San Paio de Buscás-Poulo o 13 de decembro, non apartado fina xa poñía homologación pendente. O pode comprobar na web municipal, que di que debido ao recente cambio de normativa a ruta de San Paio-Buscás-Poulo non conta a día de hoxe coa homologación por parte da Federación Galega de Montañismo, unha situación que esperamos non vai tardar moito en mudar debido á grande cantidade de queixas que lle están chegando dende distintos sitios debido a estes cambios. Xa no seu día se fixo esta advertencia para coñecemento da poboación. O sendeiros está a disposición dos veciños para o seu uso. Co cambio da normativa procederá a súa homologación. Hai que agardar un pouquiño.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte horas e cincuenta e sete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**